

Laura Recacho Rivas, con DNI 33279907-B en calidade de secretaria do Padroado da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061,

CERTIFICA


Que o Padroado da Fundación, reunido en sesión extraordinaria que tivo lugar o día 22 de setembro de 2021, adoptou, por unanimidade dos seus membros, entre outros, o seguinte acordo, segundo se transcribe do borrador da acta da dita sesión pendente de aprobación:

Punto único da orde do día. Aprobación da primeira addenda ao contrato programa da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 para a coordinación e prestación de servizos de urxencias médicas 061, no período 2021-2022, que foi acordado polo Grupo de Traballo formado por representantes da FPUSG-01, do Servizo Galego de Saúde e da Consellería de Facenda e Administración Pública e publicación da devandita addenda, que se xunta como anexo a este certificado, no portal de transparencia.

E para que así conste e aos efectos oportunos, asino a presente en Santiago de Compostela a 22 de setembro de 2021, co visto e praxe do presidente do Padroado nos termos previstos no artigo 10 dos Estatutos da Fundación.


Vº e Praxe,
O presidente

Julio García Comesaña



A secretaria

Laura Recacho Rivas



- ANEXO -

PRIMEIRA ADDENDA AO CONTRATO PROGRAMA DA FUNDACIÓN PÚBLICA URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA-061 PARA A COORDINACIÓN E PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE URXENCIAS MÉDICAS 061, NO PERÍODO 2021-2022

1.- ANTECEDENTES

Primeiro.- En sesión do Consello da Xunta de 15 de abril de 2021 aprobouse o Contrato Programa da Fundación Pública de Urxencias Sanitarias de Galicia 061 para a coordinación e prestación de servizos de Urxencias médicas no período 2021-2022, segundo o artigo 58.1.b) do Decreto Lexislativo 1/1999, de 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, e o previsto na Disposición Adicional Segunda da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno de Galicia.

No devandito documento sinalábase no seu apartado oitavo:

“As modificacións ou axustes para corrixir eventuais desviacións entre o planificado e o executado, sempre que non afecten á estrutura do contrato programa, serán aprobadas polo Padroado.

Entenderase que as modificacións afectan á estrutura do Contrato programa nos seguintes casos:

- Os orzamentos da Xunta de Galicia non dotasen á FPUSG-061 do financiamento previsto neste contrato programa
- A eliminación, modificación ou introdución de novos obxectivos estratéxicos e/ou específicos.
- A variación da contía dos valores dos indicadores en máis dun 40% do valor fixado (sexa un valor numérico ou temporal)

Nestes supostos procederá a aprobación por parte do Consello da Xunta dun novo contrato programa.”

Segundo.- Por Resolución de Dirección do 7 de xuño de 2021 adóptase o acordo de incoación do expediente para a resolución do contrato de prestación do servizo de transporte sanitario urxente na área de Baixo Miño, expediente AB FUS1-20-003, por causa imputable ao contratista, como é o incumprimento da obrigaón principal do contrato, de conformidade co establecido no artigo 211.1. f) da LCSP, á vista da comunicación do contratista adxudicatario: MARTÍNEZ ROBLES SL de data 21 de maio de 2021.

En sesión do Padroado de data 16 de xuño de 2021, acordouse a autorización para o inicio da tramitación pola Fundación da contratación, suxeita á regulación harmonizada, do servizo de transporte sanitario urxente terrestre na área de Baixo Miño, expediente AB FUS1 21-006, mediante procedemento aberto e adxudicación baseada en criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas e criterios cuxa cuantificación depende de xuízos de valor, todo elo de conformidade co establecido na liña j do artigo 11 dos Estatutos da FPUSG 061, e, en concordancia coa liña terceira dos poderes outorgados á Dirección da Fundación.

Por Resolución de Dirección de 17 de xuño de 2021 incoase a tramitación do expediente para a contratación suxeita a regulación harmonizada do servizo de transporte sanitario urxente terrestre na área de Baixo Miño, mediante procedemento aberto e tramitación urxente.

Con data 13 de agosto de 2021 emítese informe favorable pola Asesoría Xurídica do Sergas aos pregos de cláusulas administrativas particulares do devandito expediente, e con data 16 de agosto, son aprobados por Resolución da Dirección da FPUSG 061

Neste expediente prevese un incremento no presuposto de licitación sobre o que foi licitado no ano 2020: expediente AB FUS1 20-003, como consecuencia do incremento dos custos de persoal adscritos ao servizo, debido á mellora na prestación do mesmo nas bases de Baiona e Ponteareas, establecéndose nesta nova licitación con ambulancias de servizo 24 horas, cando antes estaban a 108 horas semana e 12 horas ao día, respectivamente.

Este aumento, fai que o importe de achega do SERGAS no contrato programa xa aprobado, sexa insuficiente para o ano 2022, sendo necesario recoller un incremento da transferencia de explotación polo aumento dos gastos do servizo de transporte sanitario en **814.891,77 €** para o devandito exercicio.

Terceiro.- Con data 30 de xullo de 2021 emítese informe polo Director Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda e Administración Pública, en relación coa modificación de crédito necesaria para dotar de consignación orzamentaria a creación de tres prazas de médico asistencial, polo importe de **86.277,22 €**, para o que resta de ano 2021 (6 meses), e cun importe consolidable de **172.554,41 €**.

Con data 2 de agosto emítese pola Dirección de Xestión da FPUSG 061, informe para a modificación do Programa de Actuación, Investimento e Financiamento da FPUSG 061 do ano 2021, no importe de **86.277,22 €**, como consecuencia da modificación de crédito aprobada.

Coa creación destas prazas, fai que o importe de achega do SERGAS no contrato programa xa aprobado, sexa insuficiente, sendo necesario recoller un incremento da mesma polo concepto de gastos de persoal nos importes de:

- **86.277,72 € para 2021**

- **172.554,41 € para 2022**

2.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO PROGRAMA 2021-2022

De conformidade co sinalado nos antecedentes procede modificar os seguintes apartados do contrato programa vixente:

“5. MARCO ECONÓMICO FINANCEIRO

5.1 FINANCIAMENTO

A FPUSG-061 financiarase a través dos seus recursos propios e das transferencias e subvencións que poida recibir das Administracións Públicas.



Xacobeo 2021

Os recursos propios da Fundación poden clasificarse en

- Prezos públicos pola prestación de servizos cando existan terceiros obrigados ao pagamento, conforme o disposto no anexo IX do Real Decreto 1030/2006, do 20 de xaneiro, sobre ordenación das prestacións sanitarias no Servizo Nacional de Saúde e o disposto no Decreto 56/2014, de 30 de abril, polo que se establecen as tarifas dos servizos sanitarios prestados nos Centros Dependentes do Servizo Galego de Saúde e nas Fundacións Públicas Sanitarias.
- Prezos públicos derivados da prestación de servizos en dispositivos de risco previsible
- Facturación derivada do Convenio de Colaboración para a atención de lesionados en accidente de tráfico mediante servizos de emerxencias sanitarias para os exercicios 2021-2023, no eido da Sanidade Pública, entre o Consorcio de Compensación de Seguros, e a Unión Española de Entidades Aseguradoras e Reaseguradoras (UNESPA)
- Prezos privados derivados da prestación de servizos de formación

As achegas do Servizo Galego de Saúde que se poderán recoñecer a favor da FPUSG-061 como consecuencia da execución deste contrato programa son as que se indican a continuación en importe máximo anual:

Transferencia da Comunidade Autónoma	De 01/09/2021 a 31/12/2021	2022
Explotación – Aplicación Orzamentaria: 5001/412A/44312	22.184.630,98	68.247.994,18
Capital - Aplicación Orzamentaria: 5001/412A/74312	756.816,68	2.270.450,00
TOTAL	22.941.447,66	70.518.444,18

O libramento da transferencia de financiamento realizarase conforme ao seguinte criterio:

A).- Transferencia de gastos de explotación:

1.- O 95% do importe mensual que corresponde a cada exercicio librarase mensualmente, nos cinco primeiros días do mes. O importe será o seguinte:

2021: 5.268.849,66 €/mes

2022: 5.402.966,21 €/mes

2.- O 5 % restante librarase bimensualmente, nos cinco primeiros días do mes, unha vez emitida pola FPUSG-061, a certificación correspondente do cumprimento dos **indicadores de actividade e calidade** que sinalanse no seguinte apartado. O importe que correspóndelle no período bimensual é:

2021: 554.615,77 €/bimensual

2022: 568.733,28 €/bimensual

O peso que ten cada un dos indicadores de actividade e calidade dentro do 5 % variable, é dun 1,25 % cada un

Indicador de actividade: número de mobilizacións dos recursos da RTSUG-061 terrestre.

Descrición: mide o número de mobilizacións dos vehículos terrestres da RTSUG-061 ao longo dun ano. Non precisa formula

Obxectivos anuais: 275.000 mobilizacións/ano.

No caso de que un mes non se alcance o obxectivo mensual na súa parte proporcional, poderá compensarse co exceso habido nos meses seguintes, procedendo a súa regularización ao finalizar o ano

En todo caso o valor mínimo anual haberá de ser superior a 200.000 mobilizacións

Indicadores de calidade:

2.1. Indicador de calidade porcentaxe de chamadas perdidas.

Descrición: mide o número de chamadas por liña 061 que non chegan a ser, inicialmente, atendidas por un operador con relación ao total de chamadas recibidas nun período de tempo determinado. Inclúe as chamadas colgadas polo alertante antes de seren atendidas por un teleoperador (abandonadas) e aquelas rexeitadas polo sistema nas que o alertante recibe un ton de liña ocupada (comunicando).

Obxectivo anuais: $\leq 4,00 \%$

2.2. Indicador de calidade: tempo de mobilización dos recursos ambulancias asistenciais de soporte vital básico (AA-SVB) en emerxencias

Descrición: mide o tempo que transcorre dende que o recurso asistencial AA-SVB recibe a orden de mobilización dende a CCUSG-061 ata que inicia efectivamente o desprazamento cara o punto do incidente. Mídese dende os rexistros automáticos do sistema GPS .

Obxectivo anuais: ≤ 3 minutos 30 segundos

2.3 Indicador de calidade: tempo de mobilización dos recursos ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado AA-SVA en emerxencias

Descrición: mide o tempo que transcorre dende que o recurso asistencial AA-SVA recibe a orden de mobilización dende a CCUSG-061 ata que inicia efectivamente o desprazamento cara o punto do incidente. Mídese dende os rexistros automáticos do sistema GPS.



Xacobeo 2021

Urxencias
Sanitarias **061**

Obxectivo anuais
≤ 3 minutos 30 segundos
B) Transferencia de gastos de capital

Librarase mensualmente, por doceavas partes, nos cinco primeiros días do mes. O importe será o seguinte:

2021: 189.204,17 €/mes
2022: 189.204,17 €/mes
5.2 PAIF: PROGRAMA DE ACTUACIÓN, INVESTIMENTO E FINANCIAMENTO DA FPUSG-061 no período 2021-2022:

GASTOS	2021	2022	INGRESOS	2021	2022
APROVISIONAMENTOS	52.369.105,00	54.152.848,77	TRANSFERENCIAS SERGAS	68.648.423,22	70.518.444,18
Transporte sanitario urxente terrestre	46.520.748,00	48.304.491,77	Subvención explotación	66.377.973,22	68.247.994,18
Transporte sanitario urxente aéreo	2.270.450,00	2.270.450,00	Subvención de capital	2.270.450,00	2.270.450,00
Operación telefónica	2.817.907,00	2.817.907,00			
Outros aprovisionamentos	760.000,00	760.000,00	INGRESOS ACTIVIDADE PROPIA	6.100.000,00	6.100.000
PERSOAL	20.909.149,22	20.995.426,41			
SERVIZOS EXTERIORES	1.144.028,00	1.144.028,00			
AMORTIZACIÓNS	326.141,00	326.141,00			
TOTAL GASTOS	74.748.423,22	76.618.444,18	TOTAL INGRESOS	74.748.423,22	76.618.444,18

